



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 29 DE AGOSTO DE 2025

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez

NON ASISTEN:

D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA INTERINA:

D.^a Laura Garcia Santiago

SECRETARIA XERAL:

D^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as trece horas e trinta minutos do día vinte e nove de agosto do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán e D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez.

Non asisten á sesión, escusando a súa inasistencia, os concelleiros D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora interina, D^a Laura García Santiago e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D^a Pilar María Pastor Novo, que dá e do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- PRONUNCIAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL RESPECTO DA URXENCIA DA CONVOCATORIA E DO SEGUINTE ASUNTO A TRATAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 133.1 a) DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL

Na Resolución da Alcaldía núm. 789/2025, do día 29 de agosto, pola que se convoca esta Xunta de Goberno Local se sinala que:

“(…/…)”

A urxencia da convocatoria e do asunto vén motivada pola necesidade e proceder á adxudicación do contrato de produción técnica do evento “Open Science.Cambre”.

(…/…)”

Sometida pola Presidencia a urxencia a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade, aprobar a urxencia da convocatoria e do asunto incluído na orde do día.

«2º.- PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE PRODUCIÓN TÉCNICA DO EVENTO “OPEN SCIENCE CAMBRE”. EXPEDIENTE 2025/C005/000001



A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 29 de agosto de 2025 (CVD: sEFG6xcrVmNIJweoEMuF), que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación tramitado para a contratación, como contrato de servicios, mediante procedimientu aberto simplificado, con pluralidad de criterios de adjudicación de apreciación automática, del servicio de producción técnica del evento ““OPEN SCIENCE CAMBRE” a celebrar por el Ayuntamiento de Cambre durante dos años con opción a prórroga de un año más (expediente TEDEC 2025/C005/000001) cun orzamento base de licitación 178.148,78 euros (IVE incluído)

Vistas as actas das mesas de contratación das reunións de data 7, 8, 26 y 27 de agosto de 2025.

Visto que na reunión de 8 de agosto a Mesa de Contratación acordou:

“...**Primero.**- Realizar proposta de adjudicación del «*Servicio de producción técnica del evento "Open Science Cambre" a celebrar por el Ayuntamiento de Cambre durante 2 años, con opción a prórroga de 1 año más*», a favor del licitador “**Lago Empedrado, S.L.**”, en el precio total ofertado (para 2 años) de 127.000,00 euros sin IVA (153.670,00 euros IVA incluído) y con las mejoras ofertadas de 2 pórticos a mayores del mínimo exigido, sin que su oferta esté incurso en presunción de oferta anormalmente baja.

Segundo.- Requerir al licitador “Lago Empedrado, S.L.”, de conformidad con las cláusulas 10 y 19 del PCAP, y teniendo en cuenta los datos que figuran en el ROLECE, para que en el plazo de **7 días hábiles** presente a través de la Plataforma de Contratación del Estado la siguiente documentación:

Vista a documentación aportada polo licitador proposto como adxudicatario.

Vista que a mesa de contratación en reunión de data 26 de agosto de 2025, (CVD: +2ok7GNW104qNHvxjfF1) acordou:

“...**Único.**- Conceder al licitador “Lago Empedrado, S.L.” un plazo de 3 días hábiles para subsanar la siguiente documentación, que deberá presentar a través de la Plataforma de Contratación del Estado....”

Vista a documentación aportada polo licitador proposto como adxudicatario.

Visto que a mesa de contratación na reunión de data 27 de agosto de 2025, (CVD: KFL4AnwT7Kdid9i6B/DM) acordou:

“...**Único.**- Declarar que “Lago Empedrado, S.L.”, tras la subsanación efectuada, ha cumplido correctamente con la aportación de la documentación requerida en las Cláusulas 10 y 19 del PCAP....”

Visto o informe da secretaria xeral de data 29 de agosto de 2025 (CVD: qOmBBuyEmyXRbUjRsZA5) no que se informa desfavorablemente a adxudicación do contrato da produción técnica do evento “OpenScience Cambre” a celebrar polo Concello de Cambre e que transcrito di:

“INFOME DE SECRETARÍA

Asunto: Adxudicación do contrato de produción técnica do evento “OpenScience Cambre” .



Expediente TEdC: 2025/C005/000001

A funcionaria que subscribe, en relación ao asunto de referencia, emite o seguinte **INFORME**:

CUESTIÓN PREVIA-CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá, déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto, motivado pola escaseza de persoal no servizo, a ausencia dunha técnica de xestión de Administración Xeral, a necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, e a sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Secretaría, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que o presente informe emítase coas cautelas que se derivan deste feito e referirase exclusivamente a aspectos básicos do expediente polo que, de ser preciso, poderá ser ampliado.

Primeira.- Normativa aplicable.

Para a emisión deste informe cómpre ter en conta a seguinte normativa:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de data 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro de 2007.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG)

Segunda.-En data 14 de xullo de 2025 por esta secretaría emitíuse informe sobre o expediente de contratación (CVD: Fh2vvOnQI/FhpABMELWT) que se da por integramente reproducido en aras á brevidade no que, polas consideracións que nel se conteñen informouse desfavorablemente o prego de cláusulas administrativas particulares nos extremos sinalados nel e o expediente de contratación. A funcionaria que subscribe ratifícase no sinalado no devandito informe polo que informa desfavorablemente a adxudicación do contrato,

Se ben o criterio da que subscribe quedou exposto, de ser outro o criterio do órgano de contratación deberáse incorporar ao expediente o preceptivo informe de fiscalización emitido pola interventora municipal.

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, infórmase desfavorablemente a adxudicación do contrato da produción técnica do evento "OpenScience Cambre" a celebrar polo Concello de Cambre.

Non se estudan os restantes extremos do expediente por falta de tempo hábil para o exame do asunto.

É o que expoño neste informe coas limitacións e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito....)"



Visto o informe da intervención de data 29 de agosto de 2025 (CVD: bfZypJjY6pKmZ7aTluO+) que se transcribe:

“INFORME INTERVENCIÓN REFERENCIA OPEN SCIENCE CAMBRE

ASUNTO: FISCALIZACIÓN PREVIA DA APROBACIÓN DO EXPEDIENTE (FASE A) DO SERVICIO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DO EVENTO “OPEN SCIENCE CAMBRE” A CELEBRAR POLO CONCELLO DE CAMBRE DURANTE DOUS ANOS, CON OPCIÓN A PRÓRROGA DUN ANO MÁIS

INFORME:

CUESTIÓN PREVIA- CONDICIONAMENTOS Con carácter previo ao que logo se dirá, déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto, motivado pola escaseza de persoal no servizo, a necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, e a sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Intervención, así como a toma de posesión onte da interventora, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que o presente informe emítese coas cautelas que se derivan deste feito e referirase exclusivamente a aspectos básicos do expediente polo que, de ser preciso, poderá ser ampliado.

ANTECEDENTES.- Os que figuran no expediente 2025/C005/000001

DATOS DO EXPEDIENTE.-

OBJECTO DO CONTRATO: É obxecto desta contratación a adxudicación do servizo de produción técnica do evento “Open Science Cambre” durante dous anos, con opción a prórroga dun ano máis. A empresa adxudicataria encargárase de prestar os servizos e poñer a disposición do concello os subministros necesarios para a produción técnica da Feira Open Science Cambre, de conformidade coas indicacións proporcionadas desde a concellería de Turismo, Patrimonio, Sanidade, Deportes e Xuventude, e cuxas liñas básicas desenvólvense no prego de prescricións técnicas. Open Science Cambre é unha feira científica de carácter aberto que vén celebrándose no noso municipio desde o ano 2018. O contrato comprenderá as edicións correspondentes aos anos 2025 e 2026, podendo prorrogarse ao 2027, executándose en cada anualidade durante a terceira fin de semana do mes de setembro.

O servizo prestarase nas data, horarios e coas características que se especifican no prego de prescricións técnicas. O servizo comprenderá a produción técnica da feira de ciencia Open Science Cambre, o que implica a montaxe do evento, abarcando concretamente as diferentes subministracións e servizos necesarios para o desenvolvemento do mesmo, que se agrupan neste contrato de servizos de produción técnica do evento.

Inclúe: O persoal de produción para o evento.

- O persoal de produción para o evento
- Aposta a dispor de carpas e postos de diversos tipos e tamaños, incluíndo a súa montaxe e desmonte, xunto coas mesas e cadeiras para acoller aos diferentes centros e entidades participantes que presentarán os seus experimentos científicos.



- O valado de todo o perímetro da Feira
- A instalación eléctrica temporal para as carpas e postos (montaxe e desmonte) - A posta a dispor de baños portátiles.

Importe sin IVE único Lote Open Science Cambre (OSC): 73.615,20 €/ano

Valor estimado do contrato: 220.845,60 euros (base impositiva de 2 anos de contrato con opción de prórroga)

Aplicación orzamentaria: 337.226.10 documento contable RC con núm. de operación 220250001004 e número de referencia 22025000933 de data 20/05/2025, por importe e saldo de 99.614,46 €

Plazo de Duración: a duración do contrato será de dous (2) anos, con opción de prórroga dun ano

Prazo de Execución: xeralmente durante a terceira fin de semana do mes de setembro, abarcando en principio o seu prazo de execución o período comprendido entre a firma do contrato en documento administrativo e o mes de decembro de 2026. Advirto por escrito da imprecisión coa que a cláusula 9 PCA define o prazo de execución do contrato.

Posibilidade de prórroga: SI

Procedemento de contratación: aberto simplificado (artículo 159 LCSP)

Tramitación (ordinaria, urxencia o de emerxencia): ordinaria

PCA: PLIEGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA LA CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABIERTO SIMPLIFICADO DEL ART. 159 (CON VARIOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN, PREZO E MELLORAS OFERTADAS) DAS ACTUACIÓNS NECESARIOS PARA O MONTAXE DO EVENTO "OPEN SCIENCE CAMBRE". EXPEDIENTE: 2025/C005/000001. (CVD: t+Fq5diNt/Flgacbad14)

PPT: PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN DA MONTAXE DO EVENTO "OPEN SCIENCE CAMBRE", A CELEBRAR POLO CONCELLO DE CAMBRE DURANTE 2 AÑOS. (CVD: /x3N3H6T6AUzJKgyQ/yg)

Órgano competente: Alcaldía (Disposición Adicional Segunda.1 LCSP: valor estimado (220.845,60 euros € < 10% recursos ordinarios presupuesto Concello de Cambre 2024 prorrogado para o ano 2025 e, en todo caso < a 6.000.000 €)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei reguladora das bases de réxime local, Lei 7/85, do 2 de abril.



- Real decreto legislativo 781/86, polo que se aproba ou Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local. - Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba ou Texto refundido dá lei reguladora das facendas locais.
- Real decreto 500/90, polo que se aproba ou regulamento orzamentario.
- Lei 5/97 de administración local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro polo que se aproba a lei de contratos do sector público.
- Real decreto 1098/2001 polo que se aproba ou regulamento xeral dá lei de contratos das administracións públicas.
- RD 817/2009, de 8 de maio polo que se desenrola parcialmente a lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do sector público
- Lei 2/2011, do 4 de marzo de economía sustentable.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro de Porcedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

ASPECTOS COMPROBADOS

- Existencia de crédito orzamentario (art.219 TRLRHL).
- O crédito proposto é adecuado á natureza do gasto (art.219 TRLRHL).
- A competencia do órgano de contratación (art.219 TRLRHL).
- O expediente atópase informado polo Xefe da Dependencia (art.172.1 ROF)
- O exercicio da función interventora comprenderá, entre outras, a fase de fiscalización previa dos actos que recoñezan dereitos de contido económico, autoricen ou aproben gastos, dispoñan ou comprometan gastos e acorden movementos de fondos e valores
(Informe de fiscalización fase A referencia OPEN SCIENCE CAMBRE A/2025 CVD: tNlrhiesAJqBQu8AgDnX data 15/07/2025)
- O expediente atópase informado polo Secretario ou polo Titular do Órgano que ten atribuídas as funcións de asesoramento xurídico da Corporación (Disp. Adic. 3ª.8 LCSP).
(Informe desfavorable de secretaría asinado o día 14.07.2025 CVD: Fh2vvOnQI/FhpABMELWT)

OUTROS ASPECTOS COMPROBADOS

- O anuncio de licitación do contrato unicamente precisará de publicación no perfil de contratante do órgano de contratación. Toda a documentación necesaria para a presentación da oferta ten que estar dispoñible por medios electrónicos desde o día da publicación do anuncio no devandito perfil de contratante (art. 159.2 LCSP)

Anuncio publicado o 22.07.2025 ás 20:41 horas

- O prazo para a presentación de proposicións non poderá ser inferior a quince días a contar desde o seguinte á publicación no perfil de contratante do anuncio de licitación (art. 159.3 de LCSP)

Plazo de presentación de instancias remata o 06.08.2025 ás 23:59 horas



- Todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través deste procedemento simplificado deberán estar rexistrados no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando cumpra de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 96 no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrencia. (art. 159.4.a LCSP)
- Non procederá a constitución de garantía provisional por parte dos licitadores, (art. 159.4.b LCSP)
- As proposicións deberán presentarse necesaria e unicamente no rexistro indicado no anuncio de licitación. A presentación da oferta esixirá a declaración responsable do asinante respecto a ostentar a representación da sociedade que presenta a oferta; a contar coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso, a clasificación correspondente; a contar coas autorizacións necesarias para exercer a actividade; a non estar incurso en prohibición de contratar algunha; e pronunciarse sobre a existencia do compromiso a que se refire o artigo 75.2. A tales efectos, o modelo de oferta que figure como anexo ao prego recollerá esa declaración responsable. (art. 159.4.c LCSP)
- Nos supostos en que no procedemento contéplense criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, a valoración das proposicións farase polos servizos técnicos do órgano de contratación nun prazo non superior a sete días, debendo ser subscribas polo técnico ou técnicos que realicen a valoración (art. 159.4.e LCSP)
- Tras a apertura do sobre ou arquivo electrónico e na mesma sesión a mesa procederá a:
 - 1.º Previa exclusión, no seu caso, das ofertas que non cumpran os requirimentos do prego, avaliar e clasificar as ofertas.
 - 2.º Realizar a proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación.
 - 3.º Comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, ostenta a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso a clasificación correspondente e non está incurso en ningunha prohibición para contratar. Se o licitador fixese uso da facultade de acreditar a presentación da solicitude de inscrición no correspondente Rexistro a que alude o inciso final da letra a) do apartado 4 do artigo 159 LCSP, a mesa requirirá ao licitador para que xustifique documentalmente todos os extremos referentes á súa aptitude para contratar enunciados neste número.
 - 4.º Requirit á empresa que obtivo a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que constituía a garantía definitiva, así como para que achegue o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 LCSP e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2 LCSP; e todo iso no prazo de sete días hábiles a contar desde o envío da comunicación. (art. 159.4.f LCSP)

* Actas da mesa de contratación celebradas o 07.08.2025, o 26.08.2025 e o 27.08.2025

* Visto informe do coordinador de área José Martínez Názara con asunto: Valoración da documentación presentada para a contratación do servizo de produción técnica do evento "Open Science Cambre" do Concello de Cambre, onde non queda acreditada a solvencia económica,



financeira nin técnica, sin embargo vista documentación presentada posteriormente, tras o requerimento de subsanación (CVD: OfEztbAzKt3dYnZ9BpUS) solicitando a aportación das contas anuais para a acreditación da solvencia económica e financeira, e solicitando tamén os documentos acreditativos dos taballos por importe superior a 51.530,64 euros para a acreditación da solvencia técnica:

Vista documentación presentada posteriormente , acreditouse pola mesa de contratación a solvencia económica, financeira e técnica tras a revisión das facturas presentadas por importe de 66.347,50 e a presentación das contas anuais (documentación anexada no expediente 2025/C005/000001)

Por outro lado, o licitador presentou certificado de cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, coa AEAT e coa ATRIGA con data 18/08/2025. Sin embargo, tamén púxose de manifesto no requerimento de subsanación mencionado a necesidade de que ditos documentos tiveran fecha anterior ao 6 de agosto (día final da presentación de solicitudes). Tras dito requerimento preséntase “Certificado de estar al corriente en el cumplimiento de las obligaciones de seguridad social” con data 01/08/2025 e “certificado acreditativo de estar al corriente en el cumplimiento de las obligaciones tributarias” con data 01/08/2025.

Con data 29/08/2025 presentou o certificado da ATRIGA (expedido 28.08.2025 ás 10:40:29 horas) que establece “non consta que teña pendentes débedas en período executivo non aprazadas, fraccionadas o cuxa execución estivese susepndida a data 6 de agosto de 2025) con CVE: s0gFTGN1GmZ0

polo que se dan por subsanados todos os trámites que recollía requerimento mencionado.

Visto informe desfavorable de secretaría asinado o 28.08.2025 (CVD: Sjq1q5v6rhDX/qpLy/V7)

- Nos casos en que á licitación preséntense empresarios estranxeiros dun Estado membro da Unión Europea ou signatario do Espazo Económico Europeo, a acreditación da súa capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións poderase realizar ben mediante consulta na correspondente lista oficial de operadores económicos autorizados dun Estado membro, ben mediante a achega da documentación acreditativa dos citados extremos, que deberá presentar, neste último caso, no prazo concedido para a presentación da garantía definitiva (art. 159.4.g LCSP)
- Os contratos que celebren os poderes adxudicadores, fóra dos contratos menores e dos contratos baseados nun acordo marco e os contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición aos que se refire o artigo 36.3, perfecciónanse coa súa formalización. (art. 36 LCSP)
- As entidades do sector público non poderán contratar verbalmente, salvo que o contrato teña, conforme ao sinalado no artigo 120.1, carácter de emerxencia. Os contratos que celebren as Administracións Públicas formalizaranse de acordo con o previsto no artigo 153, sen prexuízo do sinalado para os contratos menores no artigo 118 (art. 37 LCSP)
- Os contratos que celebren as Administracións Públicas deberán formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo devandito



documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 44, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos. (art. 153 LCSP, apartados 1 e 3)

FISCALIZADO CONFORME

Sen perxucio do informe de fiscalización que proceda emitir na fase procedimental referida ao recoñecemento da obriga, expido e asino dixitalmente o presente informe de existencia de crédito emitido na data que figura na marxe...”

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Declarar válida a licitación admitindo nela á licitadora presentada “Lago Empedrado, S.L.”

Segundo.- Adxudicar *servicio de produción técnica del evento ““OPEN SCIENCE CAMBRE” a celebrar por el Ayuntamiento de Cambre durante dos años con opción a prórroga dun ano máis* á empresa “**Lago Empedrado, S.L.**”, no precio total ofertado (para 2 anos) de 127.000,00 euros sen IVE (153.670,00 euros IVE incluído) e con las mejoras ofertadas de 2 pórticos a maiores del mínimo exigido.

Terceiro.- Designar como responsable do contrato a don José Luis Martínez Názara, coordinador de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Cuarto.- Por atoparnos ante un contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación (artigo 44 LCSP), a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos (artigo 153.3 LCSP).

Quinto.- Dar traslado deste acordo, a través da plataforma TEDeC, ao responsable do contrato e ao departamento de intervención para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Sexto.- Notificar este acordo aos licitadores presentados e publicar este acordo de adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>).

Este acordo está suxeito a recurso especial en materia de contratación, que poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles, a partir do día seguinte a aquel en que se notificou esta de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento [artigo 50.1.e) da LCSP], por calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos se viron prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto de recurso, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 29 de agosto de 2025 (CVD: sEFG6xcrVmNIJweoEMuF), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo